

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CURSO 2022-23

I.E.S. Nº 1 A ESTRADA

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	5
1.1. INTRODUCCIÓN.....	6
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO.....	8
2.1. 2º de ESO.....	11
2. 2. 4º de ESO.....	18
NOTA: Os textos en cor vermella sinalan os aspectos da materia que non se impartirán no caso de que haxa que realizar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito semipresencial ou a través da aula virtual.....	33
3.- OBXECTIVOS XERAIS.....	34
4.- PROGRAMACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	36
. 4.1. 2º de ESO.....	36
. 4.2. 4º de ESO.....	42
5.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	51
5.1. DESEÑO DA AVALIACIÓN.....	51
5.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	52
. 5.2.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 2º DE ESO.....	53

. 5.2.2. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 4º DE ESO.....	58
5.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	60
. 5.3.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 2º DE ESO.....	60
. 5.3.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 4º DE ESO.....	62
5.4. ASPECTOS AVALIABLES.....	64
. 5.4.1. EN 2º DE ESO.....	64
. 5.4.2 EN 4º DE ESO.....	65
5.5. SEGUIMIENTO DE RECUPERACIÓN DA MATERIA.....	66
. 5.5.1. MEDIDAS DE REFORZO DA MATERIA.....	66
. 5.6. NOTA FINAL.....	67
6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.....	68
7.- ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	71
7.1. MÍNIMOS ESIXIBLES.....	71
7.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA.....	71
7.3. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA.....	72
. 7.3.1. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE DE 1º ESO.....	72
. 7.3.2. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE DE 3º ESO.....	72
8. -AVALIACIÓN INICIAL.....	73
9.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	73
9.1. PROGRAMACIÓN INTEGRADA COA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	74
9.2. PROGRAMACIÓN INTEGRADA COA DOS OUTROS DEPARTAMENTOS DE LINGUAS.....	75
10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	76
11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	76

11.1. ADAPTACIÓN CURRICULAR.....	77
11.2. AULAS DE REFORZO.....	78
12.- TEMAS TRANSVERSAIS.....	78
13.- TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.....	81
13.1. LECTURAS DE AULA.....	81
13.2. PLAN LECTOR.....	81
14.- TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.....	81
15.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	82
16.- REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DO PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	83
17.- PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN SITUACIÓNS ESPECIAIS DE SEMIPRESENCIALIDADE OU CONFINAMENTO.....	86
17.1. PROGRAMACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	86
17.2. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	87
17.3. SEGUIMENTO AO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.....	87
17.4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	87
17.5. OUTROS ASPECTOS.....	88

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.1. INTRODUCCIÓN

A presente programación circunscríbese nos presupostos recollidos na nova lei de educación coñecida como LOMCE. Asimesmo, todo o que nela se contemple estará inspirado nos seguintes documentos:

* **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, **para a Mellora da Calidade Educativa, LOMCE**.

* **DECRETO 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza.

* **RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza.

Neste curso o contexto educativo provocado pola pandemia da COVID 19 desaparece. Con todo, teremos en conta as Instrucións Conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería. Se se dera o caso e nos viramos obrigados de novo a contextos de educación en confinamento ou semipresencialidade, teremos moi presente, mentres non se redacte outro, o **Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galiza para o curso 2021-22, do 1 de setembro de 2021** .

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

O centro

O Ies N.º 1 é un instituto dunha vila do interior de Galiza, A Estrada, que recibe alumnado dos seguintes centros de primaria:

- * O Foxo
- * Oca
- * Veá
- * Codeseda

O alumnado é de extracción basicamente rural con nulo ou escaso acceso a institucións culturais como bibliotecas, cines, etc. se ben a vila pode subsanar estas deficiencias pois nela hai biblioteca e cine. Con todo, o alumnado está pouco afeito a moverse nestes espazos.

Isto implica que o noso alumnado presenta carencias na adquisición dunha cultura xeral, pero sobre todo, e o máis grave, é que presenta carencias no proceso de lecto-escritura. En moitos casos os alumnos e as alumnas len mal, moi lentamente ou con erros habituais.

Por outro lado, neste curso o alumnado con dificultades xerais (hipoacusia, Síndrome de Down, Síndrome de Asperger, etc.) que tamén inciden na adquisición de coñecementos e habilidades na nosa materia é bastante numeroso: en total de 27 alumnos/as con diversas dificultades educativas, dos cales 4 xa reciben adaptación curricular no seu proceso de aprendizaxe este curso e para 5 deles contéplase a necesidade de adaptación curricular.

O noso departamento, xunto cos outros departamentos de linguas, xoga un papel fundamental na alfabetización do alumnado, sobre todo en 1º e 2º de ESO e é por iso que mantemos un acordo de hai anos de integrar os coñecementos da nosa materia cos da materia do departamento de Lingua Galega. É por iso tamén que neste curso hai unha intención clara por parte de todos os departamentos de linguas de facer unha programación integrada na medida das nosas posibilidades, programación que se irá deseñando ao longo deste curso e os sucesivos.

O Departamento

Forman o Departamento as seguintes profesoras:

- Mónica Souto Espasandín, profesora numeraria que impartirá clases de Lingua Castelá e Literatura nos grupos de 1º ESO e nos grupos de 2º ESO.
- Ana María Fernández Mella, profesora numeraria e xefa de departamento que impartirá clases de Lingua Castelá e Literatura nos grupos de 3º de ESO e no grupo de 4º de ESO. Asimesmo imparte a optativa de Cultura Clásica no grupo de 3º de ESO e a optativa de Latín no grupo de 4º de ESO así como un reforzo de lingua nun grupo de 2º de ESO.

As profesoras membros deste Departamento reuniranse de maneira ordinaria unha vez por semana e, de forma extraordinaria, cando xorda algún asunto que as afecte a elas. Cremos interesante, como xa anunciamos anteriormente, manter unha constante coordinación cos departamentos de linguas, xa que os obxectivos das súas materias disciplinas, dada a súa natureza, son coincidentes en moitos aspectos. É por isto que neste curso propoñemos unha programación integrada con estes departamentos de xeito que se impartirán os mesmos contidos á par e se reforzarán entre sí nas horas da materias de linguas. Isto, evidentemente provocará ao longo do curso axustes e reestruturacións na programación dos que se irá dando conta nas actas de departamento e na memoria final do departamento respectivamente así como tamén quedarán reflectidos no Proxecto Lingüístico de Centro.

2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Aínda que todas as competencias son fundamentais no proceso de aprendizaxe do alumnado, incídese no citado decreto 86/2015 o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía polo que o noso departamento xogará un papel fundamental á hora de deseñar o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Como o propio decreto sinala, o papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar. A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai

adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais. No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas. As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida. A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das

estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as. En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe. Co bloque de "Comunicación oral: escoitar e falar" procúrase que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais. O bloque de "Comunicación escrita: ler e escribir" persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo. O bloque de "Coñecemento da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua. O bloque de "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos/das escolares lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en español.

Reprodúcense, a seguir os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave marcadas por lei para cada curso de ESO.

2.1. 2º de ESO

	Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
h m	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.	B1.1. escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.	CCL
			LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CCL
			LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.	CCL
h m	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo.	B1.2. escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	CCL
			LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CCL
			LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	CAA
			LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	CCL CAA
h m	B1.3. escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación.	B1.3. escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o	CCL CSC

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
			ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	
h	B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	CSIE
			LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	CD
			LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	CAA
g h	B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.	CCL
			LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CSC
			LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	CCL
			LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	CCL
a d	B1.6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción,	B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.	LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.	CSC

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
g	intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais. B1.7. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.		LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.	CCL CSC
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir				
b h	B2.1. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.	B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.	CCL
			LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.	CCL
			LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon en relación co contexto.	CCEC
			LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e reconece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	CCL
			LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	CMCCT
b h l	B2.2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.	B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
			LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.	CMCCT
b e h	B2.3. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	CD
			LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	CD
g h	B2.4. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.	B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	CSIE
			LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL
e h i l	B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social. B2.6. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados.	B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	CCL
			LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	CCEC
			LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	CMCCT CD

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Coñecemento da lingua				
b h	B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.	B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	CCL
			LCLB3.1.2. Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	CCL
			LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	CCL
b h	B3.3. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.	B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.	LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.	CCL
h	B3.4. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras.	B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.	LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	CCL
h n	B3.5. Observación, reflexión e explicación dos cambios que afectan o significado das palabras: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.	B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.	LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	CCEC
			LCLB3.4.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo.	CCEC
h	B3.6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
			(elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	
a h	B3.7. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.	B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.	LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais.	CCL
i l	B3.8. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.7. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCLB3.7.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL
a h i ñ o	B3.9. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.	B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.	LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.	CSC
g h	B3.10. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	CAA
Bloque 4. Educación literaria				
h l n c	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento	B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
	do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	pola lectura.		
h l n c	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	CCEC
			LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	CAA
h l n c	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	CCL CSC
			LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	CCL
h l n	B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.	B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	CCL CCEC
			LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	CAA

NOTA: Os textos en cor vermella sinalan os aspectos da materia que non se impartirán no caso de que haxa que realizar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito semipresencial ou a través da aula virtual.

2. 2. 4º de ESO

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar				
h m	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	CCL
			LCLB1.1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	CCL
			LCLB1.1.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CCL
			LCLB1.1.4. Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto.	CCL
			LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.	CSC
			LCLB1.1.6. Segue e interpreta instrucións orais.	CCL

	Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h m	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. Diálogo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	CCL
			LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	CCL
			LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	CAA
			LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.	CAA CCL
			LCLB1.2.5. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	CD
			LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	CAA

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	B1.3. Observación e comprensión do sentido global de debates, coloquios, entrevistas e conversas espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a e aplicación das normas básicas que regulan a comunicación.	B1.3. Comprender o sentido global e a intención de textos orais.	LCLB1.3.1. escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos.	CSC
			LCLB1.3.2. Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional (cooperación, espontaneidade, economía e subxectividade) nas conversas espontáneas.	CCL
			LCLB1.3.3. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate, coloquio ou conversa espontánea tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	CCL
			LCLB1.3.4. Identifica o propósito, a tese e os argumentos das persoas participantes en debates, faladoiros e entrevistas procedentes dos medios de comunicación audiovisual, valorando de forma crítica aspectos concretos da súa forma e o seu contido.	CCL
			LCLB1.3.5. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	CSC
a d h	B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais.	B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos,	LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	CCL

	Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		movementos, ollada, etc.).	LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	CCL
			LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	CAA
a d h	B1.5. Valoración da lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.	B1.5. Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.	LCLB1.5.1. Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta.	CCL
g h	B1.6. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público e dos instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais.	B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.	CD
			LCLB1.6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CCL
			LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	CCL
			LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCLB1.6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	CAA
			LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).	CCL
a c d h	B1.7. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas de cortesía da comunicación oral que regulan as conversas espontáneas e outras prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación. Debate.	B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.	LCLB1.7.1. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	CCL
			LCLB1.7.2. Analiza criticamente debates e faladoiros procedentes dos medios de comunicación, recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando criticamente a súa forma e o seu contido.	CCL
			LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.	CSC
a d h m	B1.8. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situación reais ou imaxinarias de comunicación.	B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	LCLB1.8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CCEC
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir				

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g h l	<p>B2.1. Coñecemento e uso progresivo de técnicas e estratexias de comprensión escrita.</p> <p>B2.2. Lectura comprensiva, interpretación e valoración de textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.</p> <p>B2.3. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.</p>	B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos	LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto.	CCL
			LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos.	CCL
			LCLB2.1.3. Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.	CMCCT
			LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste.	CCL
			LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.	CAA
			LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e h l	<p>B2.1. Coñecemento e uso progresivo de técnicas e estratexias de comprensión escrita.</p> <p>B2.2. Lectura comprensiva, interpretación e valoración de textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.</p> <p>B2.3. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.</p>	B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.	LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.	CCL
			LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica).	CSC
			LCLB2.2.3. Comprende e explica os elementos verbais e os non verbais, e a intención comunicativa dun texto publicitario procedente dos medios de comunicación.	CCL
			LCLB2.2.4. Localiza informacións explícitas nun texto e relaciónaa entre si e co contexto, secuênciaas e deduce informacións ou valoracións implícitas.	CCL
			LCLB2.2.5. Interpreta o sentido de palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global.	CCL
			LCLB2.2.6. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.	CAA CMCCT
g h	B2.4. Actitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura.	B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva	LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
l		que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.	LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CAA CCL
			LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.	CSC
b e h	B2.5. Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información.	B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	CCL
			LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.	CCL CD
			LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	CCL CAA
g e h l	B2.6. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión. B2.7. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.	B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.).	CCL
			LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura.	CCL CAA
			LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL
			LCLB2.5.4. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación).	CCL CAA

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCLB2.5.5. Avalía, utilizando guías, a súa propia produción escrita e a dos/das seus/súas compañeiros/as.	CAA
			LCLB2.5.6. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita.	CCL
h l	B2.8. Produción de textos escritos e audiovisuais propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.	LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	CCL
			LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.	CCL
			LCLB2.6.3. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos.	CCL
			LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.	CAA
			LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.	CAA
			LCLB2.6.6. Explica por escrito o significado dos elementos visuais que poidan aparecer nos textos (gráficas, imaxes, etc.).	CCL
b c g	B2.9. Interese pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os	B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do	LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	coñecementos propios, e como instrumento de enriquecemento persoal e profesional.	desenvolvemento persoal.	LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e reconece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.	CCL
			LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.	CCEC
			LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	CD
Bloque 3. Coñecemento da lingua				
a h	B3.1. Observación, reflexión e explicación dos valores expresivos e do uso das categorías gramaticais, con especial atención ao adxectivo, aos tipos de determinantes e aos pronomes.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.	LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
a h	B3.2. Observación, reflexión e explicación dos valores expresivos e do uso das formas verbais en textos con diferente intención comunicativa.	B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
a b h	B3.3. Observación, reflexión e explicación do uso expresivo dos prefixos e sufixos, recoñecendo os que teñen orixe grega e latina, explicando o significado que lle achegan á raíz léxica e a súa capacidade para a formación e a creación de novas palabras.	B3.3. Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufixos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego.	LCLB3.3.1. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos.	CCL
			LCLB3.3.2. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.	CAA
a h	B3.4. Observación, reflexión e explicación dos niveis de significado de palabras e expresións no discurso oral ou escrito.	B3.4. Identificar os niveis de significado de palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito onde aparecen.	LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	CCL
			LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.	CCL
b e h	B3.5. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre a normativa e o uso non normativo das palabras, e interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e uso).	B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.	CD
h	B3.6. Observación, reflexión e explicación dos límites sintácticos e semánticos da oración simple e a composta, das palabras que relacionan os grupos que forman parte desta e dos seus elementos constitutivos.	B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.	CCL
			LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.	CMCCT

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.	CCL
			LCLB3.6.4. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	CCL
b h	B3.7. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas na escritura para obter unha comunicación eficiente.	B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	CCL
b g h	B3.8. Observación, reflexión, explicación e uso dos trazos característicos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, con especial atención aos discursos expositivos e argumentativos.	B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas.	LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.	CCL
			LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	CSC CCL
			LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresaíntes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	CCL
			LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	B3.9. Observación, reflexión e explicación do uso de conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos).	B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	CCL
			LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	CCL
a b h	B3.10. Coñecemento dos rexistros e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais, e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado segundo as condicións da situación comunicativa.	B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento.	LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.	CCL
			LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.	CSC
i l	B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCLB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
g h	B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCLB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	CAA
Bloque 4. Educación literaria				

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h l n c	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.	CCL
			LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	CCEC
			LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	CSIEE
h l n c	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	CCL
			LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.	CCEC
			LCLB4.2.3. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.	CSC
h l n	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento	B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	CCL

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c	persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	CSC CSIEE
			LCLB4.3.3. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	CCL
			LCLB4.3.4. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	CCEC
h l n c	B4.2. Aproximación ás obras máis representativas da literatura española desde o século XVIII aos nosos días a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.	B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.	LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	CCL
			LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	CAA
h l n	B4.3. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, utilizando as convencións formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa.	B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.	CCL
			LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	CAA

Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e	B4.4. Consulta de fontes de información variadas para a realización de traballos e a cita adecuada destas.	B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.	CCL CD
			LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.	CCL CSIEE
			LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	CD

NOTA: Os textos en cor vermella sinalan os aspectos da materia que non se impartirán no caso de que haxa que realizar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito semipresencial ou a través da aula virtual.

3.- OBXECTIVOS XERAIS

Como para calquera departamento de lingua, a nosa principal preocupación é **estimular a afección á lectura e a capacidade de ler de forma crítica e comprensiva**. Constatamos con consternación que o noso alumnado mostra cada curso un menor interese pola lectura, incluso un certo desprezo cara a calquera actividade intelectual, o que prexudica enormemente a súa capacidade de aprendizaxe. Inmerso nunha sociedade que o bombardea diariamente con miles de mensaxes 'e, en moitos casos, incapaz de comprendelas e analizalas criticamente. Por iso o noso obxectivo fundamental é **aumentar a súa capacidade de lectura comprensiva**. Para conseguilo utilizaremos na aula distintos tipos de texto, procurando que sexan actuais, atractivos e adecuados a cada nivel. Ademais, intentaremos acercalo ao uso artístico da lingua. Neste sentido, o **plan lector** aplicarase de xeito continuado ao longo de todo o curso, tanto nas horas propias da materia como nas horas de reforzo, facendo especial fincapé na lectura e comprensión textuais.

Outro obxectivo primordial é conseguir no noso alumnado unha correcta **capacidade de expresión, tanto por oral coma por escrito**. As súas carencias neste ámbito están directamente relacionadas co déficit lector anteriormente mencionado, así como co desinterese ante as normas de ortografía e expresión.

Reproducimos a continuación os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria sen concretar por curso pois é acordo do departamento considerar que todos estes obxectivos deben estar presentes nas dúas etapas e en todos os cursos da primeira etapa por considerarse básicos na formación do alumnado.

Por último, recollemos os obxectivos xerais de educación secundaria obrigatoria que se terán en conta na nosa materia e que veñen sinalados nas táboas do punto anterior:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Para conseguir estes obxectivos cremos fundamental a aplicación dunha **metodoloxía activa**, baseada na participación do alumnado. A **avaliación ha de ser continua e práctica**, de forma que lle permita ao alumnado demostrar que conseguiu unha aprendizaxe significativa.

Neste sentido, este curso todos os niveis da ESO terán unha **programación consensuada coa do departamento de Lingua Galega**, posto que os obxectivos e contidos en ambas linguas son similares. Isto contribuirá a que o alumno reforce os contidos pois en ambas linguas se impartirán practicamente os mesmos.

4.- PROGRAMACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

NOTA: Só os estándares en cor negra serán considerados mínimos polo que todos aqueles estándares que aparezan en cor vermella, e polo tanto considerados non mínimos, serán obviados en caso de producirse unha situación sociosanitaria complicada que implique a redución de contidos. Isto afecta en distinta medida a cada un dos cursos.

.4.1. 2º de ESO

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado nun	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
LCLB1.1.1. <u>Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.</u>	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.1.2. Retén información relevante e <u>extrae informacións concretas.</u>	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.1.3. <u>Segue</u> e interpreta <u>instrucións orais</u> respectando a xerarquía dada.	●75%	●TODO O CURSO	●PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.2.1. <u>Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.</u>	●60%	●TODO O CURSO	●PRODUCCIÓNS ORAIS
LCLB1.2.2. Retén información relevante e <u>extrae informacións concretas.</u>	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCCIÓNS ORAIS

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado nun	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque I. Comunicación oral: escoitar e falar			
LCLB1.2.3. <u>Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras</u> ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.2.4. <u>Resume textos narrativos, descritivos</u> , instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.3.1. <u>Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante</u> nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	●40%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.4.1. <u>Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva</u> , a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.4.2. <u>Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos</u> , da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.4.3. <u>Recoñece os erros da produción oral propia e allea</u> a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.5.1. <u>Realiza presentacións orais.</u>	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.5.2. <u>Realiza intervencións non planificadas dentro da aula</u> , analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.5.3. <u>Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.</u>	●20%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.5.4. <u>Pronuncia con corrección e claridade</u> , modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	●50%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.6.1. <u>Cínguese ao tema</u> , non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.	●40%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS
LCLB1.6.2. <u>Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra</u> , respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.	●40%	●TODO O CURSO	●PRODUCIÓNS ORAIS

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado nun	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir			
LCLB2.1.1. <u>Pon en práctica diferentes estratexias de lectura</u> en función do obxectivo e o tipo de texto.	●30%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.1.2. <u>Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.</u>	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.1.3. <u>Relaciona a información explícita e implícita dun texto,</u> e pon a en relación co contexto.	●20%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.1.4. <u>Deduce a idea principal dun texto e reconece as ideas secundarias,</u> comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	●50%	●TODO O CURSO	●PROBA ESCRITA ●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.1.5. <u>Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto</u> que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.2.1. <u>Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto,</u> e deduce informacións ou valoracións implícitas.	●30%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.2.2. <u>Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.</u>	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.3.1. <u>Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información</u> integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	●40%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.3.2. <u>Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.</u>	●80%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.4.1. <u>Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.</u>	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado nun	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
LCLB2.4.2. <u>Escrebe textos</u> usando o rexistro adecuado, <u>organizando as ideas con claridade</u> , enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	●80%	●TODO O CURSO	●PROBA ESCRITA ●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.5.1. <u>Escrebe textos propios do ámbito persoal e familiar</u> , escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.5.2. <u>Escrebe textos narrativos, descritivos e instrutivos</u> , expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	●80%	●TODO O CURSO	●PROBA ESCRITA ●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB2.5.3. <u>Realiza esquemas</u> e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
Bloque 3. Coñecemento da lingua			
LCLB3.1.1. <u>Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</u>	●80%	●TODO O CURSO	●PROBA ESCRITA ●EXERCICIOS
LCLB3.1.2. <u>Recoñece e corrixir erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</u>	●80%	●TODO O CURSO	●PROBA ESCRITA ●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB3.1.3. <u>Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.</u>	●80%	●2ª AVALIACIÓN	●PROBA ESCRITA ●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB3.2.1. <u>Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos</u> no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.	●50%	●3ª AVALIACIÓN	●PROBA ESCRITA ●EXERCICIOS
LCLB3.3.1. <u>Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra</u> , e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	●50%	●3ª AVALIACIÓN	●PROBA ESCRITA ●EXERCICIOS

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución acadado nun	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
LCLB3.4.1. <u>Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras</u> nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	●40%	●3ª AVALIACIÓN	●PROBA ESCRITA ●EXERCICIOS
LCLB3.4.2. <u>Recoñece</u> e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: <u>tabú e eufemismo</u> .	●50%	●3ª AVALIACIÓN	●PROBA ESCRITA ●EXERCICIOS
LCLB3.5.1. <u>Recoñece, usa e explica os conectores textuais</u> (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e <u>léxicos</u> (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	●50%	●3ª AVALIACIÓN	●PROBA ESCRITA ●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB3.6.1. <u>Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais</u> .	●80%	●2ª AVALIACIÓN	●PROBA ESCRITA ●EXERCICIOS
LCLB3.7.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, <u>evita estereotipos lingüísticos ou culturais</u> , e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●TRABALLO EN GRUPO
LCLB3.8.1. <u>Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia</u> .	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS ●EXERCICIOS
LCLB3.9.1. <u>Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras</u> .	●50%	●TODO O CURSO	●TAREFAS
●Bloque 4. Educación literaria			
A non entrega das tarefas obrigatorias suporá a posibilidade de non poder aprobar a avaliación.

Aspectos de ortografía, expresión e coherencia e cohesión do texto así como de acentuación e puntuación serán especialmente tidos en conta de xeito que as incorreccións que afecten a estas materias incidirán negativamente no resultado final da avaliación.

Neste sentido, nestes dous cursos restarase 0.15 décimas por cada falta de ortografía ou acentuación chegando a poder restarse mesmo 0.5 décimas se a falta se comete en palabras de uso moi habitual. Os erros de expresión tamén restarán 0.5 décimas. Por último, os fragmentos incomprensibles en calquera exame ou tarefa non se avaliarán.

e) As cuestións de actitude ante a materia, esforzo, atención, dedicación, interese, etc. puntuarán en negativo de non cumprirse e poderán incidir na nota final de cada avaliación así como na nota final do curso.

*** En principio, a avaliación final, ao ser unha convocatoria extraordinaria, non se rexerá polos criterios anteriores, senón que se terá en conta unicamente a nota acadada polo alumno/a nas distintas probas que se lle esixan, tanto escritas como orais, cuxo valor será por tanto do 100%.**

5.3.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 4º DE ESO

a) Os exames escritos ou orais, que incidirán, fundamentalmente, na aplicación práctica dos contidos teóricos do programa e que puntuarán un 60% da nota total.

***A profesora resérvase o dereito de poñer tantas preguntas como considere oportunas en cada proba e sinalará por escrito a nota que corresponde a cada unha delas ao lado de cada unha das preguntas.**

**** No caso de que se fixeran dúas probas por avaliación, cada unha delas puntuará o 30% da nota total da avaliación.**

b) As tarefas e exercicios que se esixan tanto para a súa realización na aula como na casa puntuarán o 20% da nota total. En cada momento a profesora indicará se se trata de tarefas e exercicios de obrigado cumprimento, o que implica que, de non ser entregados, computarán en negativo; ou se teñen carácter voluntario, o que implica que contribuirían a subir nota.

Os criterios de corrección para as tarefas de clase de cada unidade didáctica do novo currículo da LOMCE, virán determinados por un modelo de rúbrica, grazas ao que obteremos unha valoración cualitativa e cuantitativa para cada estándar de aprendizaxe en cada alumno.

Modelo de rúbrica (cedida xentilmente polo Departamento de Francés):

	Escala de cualificación				
	5	4	3	2	1
Estándar 1					
Estándar 2					
Estándar n					

Calificacións	Descrición
---------------	------------

5	Demostra total comprensión do problema. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta
4	Demostra considerable comprensión do problema. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
3	Demostra comprensión parcial do problema. A maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.
2	Demostra pouca comprensión do problema. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
1	Non comprende o problema.

A non entrega de catro tarefas obrigatorias suporá non obter puntuación neste apartado.

Aspectos de ortografía, expresión e coherencia e cohesión do texto así como de acentuación e puntuación serán especialmente tidos en conta de xeito que as incorreccións que afecten a estas materias incidirán negativamente no resultado final da avaliación.

Neste sentido, nestes dous cursos restarase 0.25 décimas por cada falta de ortografía ou tres faltas de acentuación chegando a poder restarse mesmo 0.5 décimas se a falta se comete en palabras de uso moi habitual. Os erros de expresión ou o uso de galeguismos e estranxeirismos innecesarios así como de abreviaturas tamén restarán décimas. Por último, os fragmentos incomprensibles en calquera exame ou tarefa non se avaliarán.

c) As lectura libres de obras da literatura española, universal ou xuvenil levaranse a cabo a través da lectura dunha obra como mínimo por avaliación que puntuará un 10% da nota total.

Queda a criterio da profesora o tipo de seguimento que se realice con cada obra para verificar que esta foi lida e que o alumnado traballou sobre ela: unha tarefa ou unha proba escrita como xa se recolle na apartado que atinxe a procedementos e instrumentos de avaliación.

d) As cuestións de actitude ante a materia, esforzo, atención, dedicación, interese, etc. puntuarán un 10% da nota total.

*** En principio, a avaliación final, ao ser unha convocatoria extraordinaria, non se rexerá polos criterios anteriores, senón que se terá en conta unicamente a nota acadada polo alumno/a nunha proba escrita concreta, cuxo valor será por tanto do 100%.**

5.4. ASPECTOS AVALIABLES

5.4.1. EN 2º DE ESO

- Participación nas actividades de clase ou, de ser o caso, da aula virtual
- Constancia e esmero no traballo persoal
- Interese no seguimento da materia
- Realización da proba de lectura
- Capacidade de expresión oral e escrita ou, de ser o caso, da aula virtual
- Creación de textos de diferente tipo
- Corrección ortográfica e respecto polos signos de puntuación e acentuación
- Identificación e análise dos distintos xéneros literarios
- Identificación de recursos estilísticos e estrofas básicas

.5.4.2 EN 4º DE ESO

- Participación nas actividades de clase
- Constancia e esmero no traballo persoal
- Interese no seguimento da materia
- Realización da proba de lectura
- Capacidade de expresión oral e escrita
- Creación de textos de diferente tipo
- Comprensión e valoración da realidade plurilingüística española
- Identificación e localización das linguas de España e das variedades dialectais do español
- Capacidade de síntese por oral e escrito de textos expositivos e argumentativos, identificando a súa intencionalidade e estrutura e aportando unha opinión persoal.
- Recoñecemento das diferentes unidades de lingua e das súas combinacións
- Capacidade para crear textos integrando información obtida por diversos medios
- Corrección ortográfica e respecto polos signos de puntuación e acentuación
- Identificación e análise dos distintos movementos literarios
- Establecemento de relacións entre os movementos fundamentais na historia da literatura desde a I. M. ata os nosos días e dos seus autores e obras.

5.5. SEGUIMIENTO DE RECUPERACIÓN DA MATERIA

O seguimento de recuperación da materia en 2º de ESO realizarase na avaliación seguinte á non superada. Sempre que o alumnado suspendido nunha avaliación supere a seguinte, a anterior quedalle automaticamente superada.

De non producirse isto, o alumnado suspendido deberá presentarse á recuperación dos ámbitos suspendidos durante as avaliacións parciais nun exame de recuperación final.

Polo que se refire a 4º de ESO, o alumnado deberá superar polo menos o **50% da materia** para non ter que recuperar. De non producirse isto, o alumnado deberá realizar unha recuperación final dos ámbitos da materia suspendidos antes da 3ª avaliación.

.5.5.1. MEDIDAS DE REFORZO DA MATERIA

Coa finalidade de garantir a adquisición das aprendizaxes por parte de todo o alumnado, en todos os cursos contémpase o establecemento dunha serie de medidas de reforzo como:

- Recreos de reforzo.
- Material adicional para traballar na casa.
- Repaso con actividades de ampliación na aula antes de cada proba.
- Fornecemento de textos de comprensión escrita adaptados ao nivel do alumnado con dificultades.
- Selección do libro de lectura adaptado ás características do alumnado con dificultades.
- Permiso para presentar as exposicións orais nos recreos ou en gravación para o alumnado incapaz de enfrontarse ao público.
- Fornecemento de páxinas web para a práctica da comprensión oral.
- Fornecemento de páxinas web para afianzar contidos ou practicar actividades.
- Fichas de caligrafía para alumnado con letra ilexible.

- Permiso no uso do ordenador para presentar por escrito tarefas ante a imposibilidade de facer unha letra lexible.

5.6. NOTA FINAL

No caso do alumnado de 2º de ESO, posto que o que se traballa é sobre todo o concenrente ás catro destrezas lingüísticas básicas, considerarase como nota final a acadada na 3ª avaliación partindo da progresión desde a 1ª avaliación ordinaria.

No caso do alumnado de 4º, a nota final derivarase da suma das tres avaliacións ordinarias máis os progresos realizados polo alumnado ao longo do curso ata a 3ª avaliación que lle poderán axudar a subir nota nesta avaliación definitiva.

Antes da 3ª avaliación levarase a cabo unha recuperación de todos os ámbitos non superados polo alumnado atinxido ao longo das avaliacións ordinarias.

No caso do alumnado de 2º de ESO obrigado a facer recuperación, a nota final sairá da nota obtida nesta recuperación. No caso do alumnado de 4º de ESO con algún ámbito ou avaliación ordinaria non superada, a nota final derivarase da suma da nota deste exame de recuperación máis as notas das avaliacións ordinarias xa superadas.

Todo aquel alumnado que desexe subir nota, poderá presentarse tamén á proba de recuperación. A nota desta proba só se lle terá en conta se supera a nota das avaliacións precedentes.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar este aspecto relacionado coa práctica docente faremos uso desta táboa, común a outros departamentos de lingua, que nos axudará, non só a avaliar e reflexionar sobre a planificación da programación e a coordinación cos membros do departamento e con departamentos afíns, senón que inclúe propostas de mellora relacionadas coa propia programación e o desenvolvemento das distintas unidades e actividades que se vaian realizando ao longo das sucesivas avaliacións. Os INDICADORES DE LOGRO contemplados van dende o 1 (grao mínimo de consecución) até o 4 (grao máximo de consecución).

DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4
Planificación	1. Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.				
	2. Programo a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.				
	3. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.				
	4. Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresen claramente as competencias a acadar polo alumnado.				
	5. Selecciono e distribúo de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.				
	6. Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.				
	7. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.				

	8. Establezo, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación.				
	9. Coordínome co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).				
Propostas de mellora					
Modificacións que esixe a especial situación sanitaria					
Desenvolvemento	1. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, mapas conceptuais, esquemas...)				
	2. Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos cos xa coñecidos.				
	3. Amo predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.				
	4. Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.				
	5. Utilizo as TIC para apoiar os contidos na aula.				

	6. Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.				
	7. Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.				
	8. Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.				
	9. Presento actividades de grupo e individuais.				
	10. Facilito estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)				
Propostas de mellora					
Modificación que esixe a especial situación sociosanitaria					

7.- ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

7.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos que se esixirán coincidirán cos mínimos esixibles de cada estándar de aprendizaxe para o alumnado tanto de 2º de ESO coma o de 4º de ESO.

7.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA

O seguimento da evolución académica dos alumnos con disciplina pendente levarao a cabo a profesora que imparte a materia no presente curso. Haberá un seguimento da materia pendente a través dunha serie de actividades que deberán ser entregadas no prazo acordado e que será elaborado pola profesora e tamén avaliado en cada trimestre. Para isto, ao inicio de curso, o alumnado con materia pendente recibirá un caderniño de reforzo e recuperación:

* Para a materia pendente de 1º ESO: Aprueba tus exámenes, 1º ESO, Ed. OXFORD

* Para a materia pendente de 3º ESO: Refuerzo y recuperación, 3º ESO, Ed. CASALS

Aquel alumnado que non entregue as tarefas de recuperación, non superará a materia pendente.

A xefa de departamento será informada, periodicamente, da evolución de cada alumno. Ao non haber dispoñibilidade horaria do profesorado, as consultas das posibles dúbidas poderanse facer durante os recreos.

De darse o caso dunha situación en semipresencialidade ou confinamento, o alumnado deberá presentar as tarefas de recuperación a través da aula virtual e sempre en prazo. De non ser así, perderá o dereito a ser aprobado a través das tarefas e obrigatoriamente terá que presentarse ao exame extraordinario.

7.3. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA⁴

7.3.1. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE DE 1º ESO

⁴ De entrar nunha situación de semipresencialidade ou confinamento, ou porque así a profesora o decida, o alumnado realizará as actividades de recuperación a través da aula virtual.

O alumnado de 2º ESO que aprrobe a materia no seu curso e que previamente teña entregado en prazo e forma as tarefas de recuperación, automaticamente queda aprobado, se non, deberá presentarse a unha avaliación final.

7.3.2. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE DE 3º ESO

O alumnado de 4º ESO coa materia pendente de 3º ESO debe realizar as tarefas de recuperación que serán avaliadas en cada trimestre. Se as tarefas gardan a corrección en canto ao prazo de entrega e a realización, automaticamente quedará aprobado. Se non, deberá presentarse a unha avaliación final.

O criterio de avaliación que rexerá nesta proba será acadar un 50% como mínimo na nota final para conseguir a superación da materia.

8. -AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase no mes de setembro, unha vez que o curso xa estea en marcha e que o profesorado vaia tendo coñecemento do alumnado.

No caso da materia de Lingua Castelá e Literatura, esta avaliación levarase a cabo a través dunha proba escrita na que se recollerán unha serie de cuestións teóricas e prácticas que demostren os coñecementos adquiridos polo alumnado nos cursos ou etapas precedentes.

Por outro lado, no caso de 2º de ESO, a proba complementarase cunha proba de velocidade lectora, unha proba de expresión escrita e unha proba de comprensión oral. Estas tres probas axudarannos a decidir con que alumnado debemos reforzar cuestións como ortografía, lectura fluída, rápida, comprensiva, expresión e puntuación, etc.

9.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía será activa e procurando a atención personalizada do alumno sempre que sexa posible, pois adaptarse a grupos e situacións moi diferentes.

Que a programación sexa activa implica que parte de:

- Coñecementos previos do alumnado para chegar a acadar coñecementos novos: neste sentido a avaliación inicial nos fornecerá da información necesaria sobre o que o alumnado sabe para ampliar a partir de aí novos coñecementos.
- Aprendizaxe comprensiva: neste sentido o alumnado non só aprenderá dos acertos senón tamén dos erros que cometa intentando corríxilos a medida que o proceso de aprendizaxe se vai resolvendo. Por iso consideramos tan importantes as tarefas propostas na aula e na casa. Especial relevancia terá o uso da aula virtual que nos permitirá facer un seguemento do alumnado de xeito individualizado, toda vez que as especiais circunstancias sociosanitarias nos impiden controlar o traballo do alumnado na aula.
- Actividades de diversa índole: non só se empregará a aula virtual como provedora de actividades senón que se ampliará este material con outro fotocopiado, audiovisual e dixital.
- Interacción entre o alumnado do grupo: é moi importante que o alumnado se comunique entre si para revisar e corrir erros. Así, proporáanse múltiples actividades de resolución de problemas ou de investigación en grupo e mesmo a corrección de moitas das actividades en común.
- Relación entre a materia e o mundo que rodea o alumnado: para que a aprendizaxe sexa significativa, é necesario que o alumnado perciba que a materia lle pode servir para resolver problemas da súa vida diaria. Así, primaranse na materia aqueles contidos que consideramos “útiles” para a vida diaria: a elaboración de diferentes tipos de textos, por exemplo cartas ou instancias de solicitude ou a comprensión oral de textos trataranse de forma pormenorizada para que o alumnado sexa consciente da funcionalidade de moitos dos contidos da materia.

9.1. PROGRAMACIÓN INTEGRADA COA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Este curso escolar seguiremos traballando na coordinación co Departamento de Lingua Galega e Literatura, tal como se establece no citado decreto. Debido ao feito de que as materias de lingua son procedimentais e nelas se veñen impartindo practicamente os mesmos contidos aínda que en distinta orde, no curso 2009-10 os departamentos de Lingua Castelá e Galega decidimos levar a cabo experimentalmente a posta en práctica da programación integrada despois de ter asistido a cursos, ter lido obras e escoitado a autores que defenden esta liña como unha das innovacións pedagóxicas recentes con mellores resultados académicos por parte do alumnado. Posto que o proxecto obtivo resultados positivos, manterase tamén neste curso sempre que sexa posible conxugar os contidos de ambas as materias.

A programación integrada supón un cambio evidente na metodoloxía e tamén na secuenciación dos contidos, pois as profesoras de ambos departamentos teñen que coordinarse en canto a actividades e tempos. Isto conleva unha modificación continua da programación, modificación da que se dá conta ao longo do curso nas actas de reunión de departamento e na memoria final do mesmo. Esta coordinación, que pretende co tempo constituírse nunha **programación Integrada**, consistirá na impartición simultánea daqueles contidos comúns a todas estas linguas. A finalidade que se persegue é evitar a repetición de contidos, ao tempo que se incidirá nas peculiaridades de cada lingua explicando as diferenzas e intentando evitar as interferencias lingüísticas.

Intentarase consensuar, na medida do posible, unha terminoloxía e un método de análise común en temas como a análise morfolóxica ou a análise sintáctica, para que os coñecementos adquiridos nunha lingua sirvan para reforzar a outra e viceversa.

Ao mesmo tempo, cuestións teóricas comúns do currículo poderán distribuírse entre ambas linguas para evitar as continuas repeticións moitas veces totalmente estériles, sobre todo cando non se imparten simultaneamente.

Na área de Literatura esta Programación Integrada nas materias de galego e español afectará unicamente ao sistema de análise e á terminoloxía empregada, debido á dificultade de coordinar os diferentes períodos literarios ao non coincidir a cronoloxía dos dous currículos.

Serán respectados rigorosamente aqueles aspectos do currículo específicos de cada materia así como as características singulares de cada lingua.

Esta metodoloxía de traballo, que nos parece esencial para conseguir un maior dominio das linguas, provocará cambios na secuenciación e na temporalización da Programación que presentamos. Estes cambios, imposibles de prever con anterioridade, serán motivo constante de revisión e análise para poder sistematizalos en futuras programacións.

En ningún caso os consensos tomados afectarán á metodoloxía e á liberdade coa que cada profesora debe contar para levar a cabo o seu labor docente.

9.2. PROGRAMACIÓN INTEGRADA COA DOS OUTROS DEPARTAMENTOS DE LINGUAS

Como xa explicamos no apartado de competencias, neste curso temos a intención de traballar en conxunto entre todos os departamentos de linguas tal e como recolle o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MECRL). Nesta mesma liña enmárcase o Foro Intergobernamental Europeo, mantido en Xenebra en 2010, e a Conferencia Intergobernamental, mantida en Estrasburgo en 2013. A novidade este ano é que engadimos dúas linguas máis: Portugués como segunda lingua estranxeira, adscrita ao departamento de Lingua Galega e Literatura, e Latín, adscrita ao noso departamento.

Como a tarefa é ardua e se propón como duradeira no tempo, a nosa intención neste curso 2020-21 é comezar por aspectos básicos das materias como son a coincidencia na nomenclatura e na terminoloxía dos contidos de todas as materias lingüísticas e a incidencia nos aspectos ortográficos e de expresión e puntuación por parte do profesorado destas materias.

Así mesmo, neste curso elaboraremos un novo Proxecto Lingüístico de Centro axeitado ás circunstancias sociolingüísticas específicas do noso centro e que será ferramenta indispensable para os Departamentos de todas as linguas do centro.

10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais dos materiais elaborados por cada profesor, que se distribuirán mediante fotocopias ou **sobre todo a través da aula virtual**, utilizarase todo aquel material dispoñible que poida resultar motivador para o alumnado: cintas de audio, vídeo e DVD, CD, pizarra dixital, fichas de diversa índole, etc.

Neste curso non se utilizará libro de texto nin en 2º nin en 4º ESO. Con todo, o alumnado de 4º ESO o centro cederá neste curso o libro de texto da editorial CASALS como material complementario, nunca de uso na aula.

Así mesmo, o alumnado manexará un caderno de aula para a nosa materia que será revisado pola profesora cando esta o considere oportuno e que axudará a cualificar os diferentes estándares. **No caso de ter que recorrer ao ensino virtual, o caderno substituirase pola aula virtual do alumnado a través da que elaborará o material didáctico correspondente ou enviará as tarefas ao profesorado.**

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na nosa práctica diaria na aula os profesores atopámonos, a grandes trazos, tres tipos de alumnos cos que debemos utilizar estratexias diferentes:

-Aqueles alumnos que seguen ben as ensinanzas do grupo

-Os menos motivados ou capacitados, cos que hai que propoñerse, polo menos, a consecución dos obxectivos mínimos propostos para cada curso

-Os alumnos máis motivados , máis traballadores ou capacitados, que demandan un ritmo de aprendizaxe máis rápida ca o resto do grupo.

Para atender estes diferentes niveis o profesor debe propoñerse actividades de diferente nivel de complexidade e dificultade, desde as máis sinxelas ás máis complexas, e actividades de grupo e individuais que poidan acomodarse ás características de cada alumno:

- Actividades orais para o alumnado con dislexia ou con problemas de mobilidade das extremidades superiores.
- Actividades con debuxos para o alumnado con autismo.
- Actividades de gramática, ortografía, puntuación e acentuación para todo o alumnado con ACI en xeral.
- Actividades de comprensión textual oral e escrita.
- Actividades de caligrafía para o alumnado con dislexia e con trastornos de lectoescritura.
- Actividades de creación, tanto de xeito oral como de xeito escrito.
- Nesta especial circunstancia, uso de máscara transparente para comunicármonos co alumnado xordo ou con ACI.

11.1. ADAPTACIÓN CURRICULAR

Os alumnos que necesiten unha Adaptación Curricular Individualizada (ACI) serán seguidos de forma especial, en colaboración co Departamento de Orientación do centro. Para eles o Departamento irá elaborando diferentes materiais que tentarán adaptarse ás súas necesidades:

- Material en papel: fichas, textos fotocopiados, o libro correspondente a cada alumno/a.
- Material audiovisual: fragmentos de películas e programas diversos, cancións, contos orais, diálogos, etc.
- Material plástico: diagramas, debuxos, cartas de ortografía, etc.
- Material dixital: o mesmo ca o material en papel ou plástico, pero agora a través da aula virtual.

Neste curso contamos con 6 alumnos/as con ACI en 2º de ESO.

O material que empregaremos para este tipo de alumnado será basicamente o seguinte:

- Lecturas comprensivas. Atención a la diversidad, 1-12. Ed. GREU
- Aprendo Lengua castellana y Literatura 1 Ed. GREU
- Cuaderno de composición escrita 1. Ed. GREU
- Empiezo a redactar. Ed. DISMES
- Lectura funcional. Ed. DISMES

11.2. AULAS DE REFORZO

Neste curso contémplanse aulas de reforzo para 1º e 2º de ESO para aquel alumnado que presenta carencias de aprendizaxe na materia

Nestas aulas se reforzarán as linguas en xeral non facendo distinción entre lingua castelá e lingua galega.

12.- TEMAS TRANSVERSAIS

Na nosa materia deben terse en conta e tratarse ao longo do curso os seguintes temas transversais:

1. Educación para o consumo:

- Crear unha conciencia crítica ante o consumo.
- Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais e sociais do consumo.
- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor.

2. Educación para a saúde:

- Desenvolver hábitos de saúde, sobre todo neste momento de especial risco sociosanitario.
- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e da forma de previlas e curalas.

3. Educación para os dereitos humanos e para a paz:

- Preferir a solución dialogada ou consensuada antes có conflito.
- Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e de institucións significativas.

4. Educación para a igualdade entre sexos:

- Consolidar hábitos non discriminatorios.
- Desenvolver a autoestima e a concepción do propio corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas.

5. Educación ambiental:

- Concienciar sobre a deterioración do medio e as causas que o producen.
- Influir nas actitudes que favorecen a conservación do medio. Só conciencizando o alumnado de que os ataques ao medio son posible causa das pandemias como a que estamos a vivir, conseguiremos protexer a Terra e a nós mesmos.

6. Educación multicultural:

- Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con outras culturas.

7. Educación vial:

- Desenvolver condutas e hábitos que melloren a seguridade vial.
- Espertar a sensibilidade ante os accidentes de tráfico e as súas repercusións económicas e sociais.

8. Educación para a convivencia:

- Favorecer o diálogo como forma de solucionar as discrepancias entre individuos e entre grupos.
- Respectar a autonomía, as formas de pensar e os comportamentos doutros.

9. Educación sexual:

- Consolidar actitudes de naturalidade e de respecto no tratamento de temas relacionados coa sexualidade.
- Adquirir información suficiente e científica de todos os aspectos relativos á sexualidade.

Lingua Castelá e Literatura é unha das áreas máis adecuadas para tratar os temas transversais propostos oficialmente. A nosa constante necesidade de acudir a textos de moi diverso tipo (expositivo, argumentativo, descritivo, etc.) facilítanos a posibilidade de acceder a temáticas moi variadas: a educación para a saúde, a educación para a paz, a educación para a igualdade de oportunidades para ambos sexos, a educación moral e cívica...

Igualmente, o comentario constante de textos literarios e a lectura das obras propostas en cada curso proporciona oportunidades de abordar estes temas.

Por outro lado, o estudo da comunicación e do signo posibilita o acceso ao tema dos mecanismos icónicos que regulan o tráfico e, polo tanto, ao tema transversal da educación vial.

É propósito deste Departamento ter en conta os xa citados temas transversais á hora de proceder á selección de textos cos que se traballará na aula.

Consideramos que non hai necesidade de marcar aspectos transversais concretos para cada curso senón que será o propio contido da materia o que nos vaia marcando que aspectos transversais deben ser tratados en cada momento. Con todo, aspectos que atinxen á saúde humana e ao respecto ao outro así como os que atinxen a cuestións de xénero serán de tratamento periódico en todos os cursos.

13.- TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

13.1. LECTURAS DE AULA

En cada avaliación haberá unha lectura cuxa avaliación será computable na nota media da nosa materia.

A profesora de cada nivel decidirá que lecturas serán as recomendadas para cada avaliación tendo en conta que non so se lerá narrativa senón tamen teatro e poesía. Asimesmo cada profesora utilizará a metodoloxía que crea convinte para levar a cabo a avaliación deste aspecto.

Para 2º ESO a profesora elaborou unha listaxe de obras breves e de diferentes niveis de complexidade lectora para que o alumnado poida elixir en cada avaliación unha delas.

En 4º leranse dúas novelas e unha obra de teatro. Canto ás novelas, unha delas será de libre elección por parte do alumnado e a outra será proposta pola profesora.

13.2. PLAN LECTOR

A lectura é un pilar básico na educación dos nosos alumnos e o noso departamento pola súa coxuntura académica específica debe promocionar a lectura máis que calquera outros departamentos non lingüísticos, polo que as actividades relacionadas co Plan Lector elaborado para o noso centro serán especificamente tratadas na nosa materia.

14.- TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

No apartado de metodoloxía contemplamos a necesidade dunha metodoloxía activa por iso consideramos indispensable o uso das TIC na aula de lingua castelá. Manexaremos sempre que sexa posible os ordenadores portátiles que hai no centro para uso dos alumnos. Manexaremos asimismo a pizarra dixital para aspectos de índole teórica e práctica e assistiremos sempre que o noso horario o permita á aula de informática para traballar cos ordenadores cuestións non só gramaticais senón tamén comunicativas.

Propoñemos a realización de actividades TIC como videoconferencias, creación de contas de correo, creación de blogs, etc.

Así como desde o curso 2013-14 1º ESO participa no PROXECTO ABALAR e desde o curso 2014-15 tamén o fai 2º ESO, a metodoloxía nestes cursos consistirá en compartir os recursos en papel (libro de texto, dicionarios, etc.) cos recursos dixitais (actividades e contidos do propio ESPAZO ABALAR así como todos aqueles extraídos da rede).

Por último, a aula virtual será espazo indispensable de intercambio de material e tarefas por parte do profesorado e do alumnado toda vez que se nos aconsella non traballar en demasía con material susceptible de conter coronavirus como poden ser os folios.

15.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A súa realización deberá constituír unha tarefa primordial do noso labor educativo, pois amósanlle ao alumnado a relación existente entre os contidos, máis ou menos teóricos, impartidos na aula e a realidade externa na que os devanditos coñecementos teñen a súa aplicación.

Neste sentido, o noso departamento propondrá a asistencia do alumnado a polo menos unha representación teatral dunha das obras que figuran no Currículo da materia, sempre que o horario e as condicións económicas nolo permitan.

Pese a todo, o noso Departamento intentará realizar as seguintes actividades:

- Participación en concursos literarios, promovidos polo propio Instituto ou por outras entidades.
- Charlas con escritores/as dos libros que se recomenden para cada avaliación.

16.- REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DO PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

No presente curso, atendendo ás circunstancias derivadas das medidas levadas a cabo no segundo e terceiro trimestres do curso anterior, vémonos obrigadas, antes de calquera outra medida, a revisar a programación do curso anterior e retomala desde o punto no que se interrompiu. Veranse afectados por esta primeira modificación da programación os cursos de 2º, 3º e 4º da ESO.

Por outra banda, a programación actual sufrirá profundas revisións e modificacións ao longo do curso actual non só polo referido no párrafo anterior senón tamén polas posibles circunstancias de semipresencialidade ou confinamento que se poidan producir nun momento determinado e que nos obrigarán a repensar contidos, procedementos didácticos e procedementos e criterios de avaliación.

Como vimos facendo nos cursos anteriores, ao longo do curso, a través das reunións de departamento semanais, irase comprobando o ritmo, adecuación, logros e fracasos da programación.

Por outro lado, despois de cada avaliación, recolleranse en acta os resultados e analizaranse pormenorizadamente con vistas a realizar os cambios e modificacións pertinentes.

Por último, no final de curso, redactarase unha memoria de departamento na que se contemplarán de novo todos os cambios levados a cabo ao longo do curso e se incluírá tamén un proxecto de melloras para o curso seguinte.

Canto ao labor docente, este analizarase en cada avaliación, vistos e examinados os resultados do alumnado en cada curso. Por parte do profesorado, cubrirase unha enquisa en cada unha das avaliacións na que se contemplan aspectos docentes como: temporalización, metodoloxía, material didáctico, procedementos de avaliación, etc.

A avaliación da programación e do propio proceso ensino-aprendizaxe levarase a cabo a través da valoración dunha serie de indicadores de logro que reproducimos na seguinte táboa:

DIMENSIÓNS	INDICADORES	1	2	3	4
Seguimento e avaliación	1. Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.				
	2. Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica.				
	3. Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.				
	4. Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como podo melloralas.				
	5. Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades dos				

	alumnos e das alumnas, e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.				
	6. Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre os alumnos e alumnas.				
	7. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.				
	8. Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.				
	9. Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.				
	10. Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.				
	11. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.				
	12. Emprego diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.				
Propostas de mellora					
Medidas en situación de semipresencialidade ou	1. Informo correctamente ao alumnado e ás familias do seguimento da materia a través da aula virtual				
	2. Entrego o material de traballo do alumnado con tempo para que este poida traballar con comodidade sobre el.				

confinamento	3. Entrego periodicamente as tarefas corrixidas para que o alumnado poida ver os erros e autocorrixirse.				
	4. Explico os novos procedementos e criterios de avaliación.				
Proposta de mellora					
Motivación do alumado	1. Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.				
	2. Considero situacións que introduzan a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).				
	3. Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.				
	4. Informo sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.				
	5. Relaciono os contidos e actividades cos intereses do alumnado.				
	6. Estimulo a participación activa dos estudantes na clase.				
	7. Promovo a reflexión sobre os temas tratados.				
Propostas de mellora					

1 (Nunca), 2 (Poucas veces), 3 (Case sempre), 4 (Sempre)

17.- PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN SITUACIÓNS ESPECIAIS DE SEMIPRESENCIALIDADE OU CONFINAMENTO.

As propostas de modificación da programación, de producírense calquera destas dúas especiais circunstancias, quedaron reflectidas ao longo deste documento en cada un dos apartados. Con todo, recolleemos neste apartado os máis importantes:

17.1. PROGRAMACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Retomar a materia no punto no que se interrompiu no curso anterior
- Impartir a docencia de contidos a través da aula virtual
- Incidir en contidos e estándares relativos ás catro habilidades lingüísticas: ler, comprender, falar, escribir, máis ca en aspectos puramente gramaticais ou filolóxicos.
- Prescindir de certos contidos relativos á participación en proxectos grupais ou á oralidade na aula.

17.2. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar probas a través da aula virtual
- Organizar a entrega e corrección de tarefas a través da aula virtual
- Organizar as lecturas das obras de cada avaliación a través da aula virtual

17.3. SEGUIMENTO AO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

- Organizar a entrega e corrección de tarefas a través da aula virtual
- Realizar as probas extraordinarias a través da aula virtual

17.4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Organizar a entrega e corrección de tarefas a través da aula virtual para o alumnado con ACI
- Manter contacto continuo coa PT para facer o seguimento do alumnado con ACI

17.5. OUTROS ASPECTOS

- Comunicar periodicamente ao alumnado as modificacións que se vaian realizar a través do foro da aula virtual do correo electrónico ou de videoconferencia
- Comunicar periodicamente ás familias destes mesmos cambios a través de correo electrónico ou do ABALAR MÓBIL

Asinan esta programación en A ESTRADA, en marzo de 2023 as seguintes profesoras:

Asdo.: Ana María Fernández Mella

Asdo.: Mónica Souto Espasandín

